



## ANUNCIO

### Asunto: BASES REGULADORAS DO IV CERTAME FOTOGRÁFICO FAMILIAR: TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA 2024

Expte. Admvo.: 2024/X999/000027

Expte. Decreto: 2024/G003/000358

Por Resolución da alcaldía de data do 14/05/2024, aprobáronse as BASES REGULADORAS DO IV CERTAME FOTOGRÁFICO FAMILIAR: TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA 2024, que se publican para o seu xeral coñecemento.

### BASES REGULADORAS DO IV CERTAME FOTOGRÁFICO FAMILIAR: TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA 2024

*- A túa foto de familia nos espazos naturais, patrimoniais, culturais e históricos do Concello de Laxe pode ter premio neste 2024 -*

#### Introdución

No ano 1993, a ONU fixou a celebración do Día Internacional da Familia no día 15 de maio, reivindicando o papel da familia como núcleo primeiro e principal de desenvolvemento de calquera persoa e resaltando o papel educativo que esta ten sobre os máis pequenos e pequenas. Dende entón, o Día Internacional da Familia, representa unha data emblemática na que resaltar o valor desta institución a nivel mundial, tendo en conta que dela depende a integración co entorno de cada persoa en canto que é unha das principais transmisoras dos valores e normas que rexen calquera sociedade e dos cales depende a nosa integración na mesma. Un dos obxectivos desta data é precisamente a de pór en valor e fortalecer a importancia dos lazos familiares no desenvolvemento e integración de calquera persoa, así como tamén a de reflexionar sobre aquelas cuestións que afectan o seu desenvolvemento, evolución e as diferentes necesidades destas.

Por outro lado, faciase tamén fincapé na evolución necesaria do concepto de “familia tradicional”, formado polas figuras de “pai, nai e fillos/as”, que foi mudando e ampliándose dende xa fai anos, adaptándose á realidade e aos diferentes tipos de familias que hoxe temos, respectando a diversidade persoal e social e entendendo que nelas, os roles femininos e masculinos tamén foron mudando, unificándose e/ou intercambiándose. Hoxe en día, débese entender o concepto de familia dun xeito amplo, non determinado unicamente por lazos de consanguinidade, senón que se fundamenta naquelas persoas que sendo conviventes, forman unha unidade social, afectiva, educativa, socializadora e de consumo que se converte en esencial para o desenvolvemento integral e saudable de calquera persoa.

Ademais de reivindicar o papel socializador e educativo da familia, reflexionar sobre as súas necesidades, un dos obxectivos cos que naceu a conmemoración deste día internacional, tamén foi o de fortalecer os lazos familiares, favorecendo e reivindicando a necesidade de dispor tempos para estar e gozar en familia.

Co pretexto de sumarnos á conmemoración deste día internacional e uníndonos ás finalidades comentadas nos parágrafos anteriores, así como cos obxectivos de coñecer e analizar os espazos naturais, culturais e patrimoniais do noso Concello máis valorados polas familias para ocupar os seus tempos libres de cara a convertelos en tempos de lecer, e co obxecto de potenciar o achegamento ó noso patrimonio coñecendo os motivos polos cales os estes espazos son seleccionados, realizando unha aproximación e percorrido polo noso patrimonio, iniciamos a convocatoria deste Certame no ano 2021.

Na edición deste ano, coa intención de seguir potenciando e apoiando ó comercio e a hostalaría do noso Concello, tal e como vimos facendo tamén con outros Certames organizados dende o Concello de Laxe, o premio outorgado consistirá na entrega dun diploma familiar e dun “vale simbólico” para realizar compras e consumicións no noso Concello por importe máximo de 100,00€.



En base ao comentado ata o momento, a proposta da Concellería de comercio, hostalaría, turismo e cultura, propóñense as seguintes bases reguladoras de cara a súa celebración neste ano 2024.

## 1.- OBXECTO

De conformidade co previsto na Lei 38/2003 de subvencións, constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación do procedemento de solicitude, participación e percepción do premio do IV CERTAME FAMILIAR: TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA.

## 2.- PARTICIPANTES

- Poderán participar neste certame todas as modalidades de familias entendidas como grupo de PERSOAS CONVIVENTES.
- Cada persoa, en representación de cada familia, só poderá presentar unha única solicitude e fotografía grupal que represente a súa familia ó Certame, segundo os requisitos de tempo e forma que se citarán no apartado 3º e 4º das presentes bases, a excepción das persoas da Corporación municipal, ascendentes e descendentes directos de 1º grao.
- Esta persoa, como solicitante da participación e perceptora do premio, no caso de resultar gañadora, deberá cumprir os seguintes requisitos, tal e como dispón a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións:
  - a) Non estar incursas en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
  - b) Non ter co Concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspendida.
  - c) Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo Concello.

## 3.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E FORMATO

- Para participar no certame, CADA FAMILIA/GRUPO DE PERSOAS CONVIVENTES, a través dunha única persoa maior de idade que actuará como representante da colectividade, REMITIRÁ Ó CONCELLO DE LAXE UNHA INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL E UNHA FOTOGRAFÍA FAMILIAR tomada NUN ESPAZO NATURAL, CULTURAL OU PATRIMONIAL do noso municipio que, de maneira frecuente ou puntual, sexa elixida polo grupo de persoas que aparecen na imaxe para ocupar os seus tempos libres, converténdoo en verdadeiros tempos de lecer compartido.
- O documento “INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL”, poderá descargarse dende a sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es/>) no apartado de “Solicitude Xeral” ou ben, solicitala de maneira presencial nas Oficinas Xerais da Casa do Concello.
  - No apartado da “EXPOSICIÓN”, faráse constar que coñece as bases do IV CERTAME FAMILIAR: TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA.
  - No apartado de “SOLICITUDE”, deberá sinalar que desexa participar no mesmo, aportando os seguintes DATOS:
    1. NOME E APELIDOS DE TODAS AS PERSOAS QUE APARECEN NA IMAXE, especificando: NOME, APELIDOS, IDADES E VÍNCULO entre elas (pais, nais, fillos, fillas, avós, avoas, etc...)
    2. O CONCELLO DE RESIDENCIA HABITUAL da familia/persoas conviventes.
    3. O TÍTULO DA FOTOGRAFÍA que seguirá a seguinte estrutura: “A FAMILIA \_\_\_\_\_ (indicar apelidos e/ou pseudónimo do grupo familiar) \_\_\_\_\_ EN \_\_\_\_\_ (indicar o lugar no que foi tomada a fotografía) \_\_\_\_\_ do Concello de Laxe”.
    4. Unha FRASE que resuma o motivo da elección dese lugar para pasar os tempos en familia.



- Xunto coa instancia de solicitude, deberá achegarse a FOTOGRAFÍA, que necesariamente reunirá as seguintes características:
  - formato .jpeg ou .png
  - non poderá conter textos nin marcas de auga
  - con resolución e calidade suficiente como para recoñecer tanto ás persoas que aparecen na imaxe como o lugar fotografado.
- Para garantir a calidade do envío da imaxe, dita fotografía deberá de remitirse tamén e necesariamente por correo electrónico ó enderezo electrónico de [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com), sinalando no mesmo correo o nome e apelidos da persoa que a remite como representante do grupo.

#### 4.- FORMAS DE PRESENTACIÓN e PRAZOS

- Haberá **3 MODALIDADES PARA A PRESENTACIÓN** das instancias e envío dos datos requiridos na convocatoria:
  - a) DE MANEIRA PRESENCIAL no Rexistro Xeral da Casa do Concello.
  - b) DE FORMA TELEMÁTICA, a través da sede electrónica municipal: <https://sede.laxe.es>
  - c) POR CORREO POSTAL, remitindo a documentación a: DPTO. DE CULTURA do Concello de Laxe, Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117 Laxe, A Coruña. Neste caso, será de carácter obrigatorio comunicar o envío da solicitude de participación por correo electrónico dirixido a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com). Neste correo electrónico, deberán indicar a data de remisión da documentación e entrega na oficina de correos, así como remitir a fotografía candidata ó certame e unha imaxe/fotografía da solicitude remitida na que se poda apreciar claramente o selo de saída da oficina de correos que corresponda.
- **PRAZO PARA A REMISIÓN DE SOLICITUDES E FOTOGRAFÍAS:** dende o MÉRCORES 15 de MAIO ata as 23.59 h do MÉRCORES 22 DE MAIO do 2024. Todas as solicitudes recibidas fóra dos días sinalados como límites do prazo, serán excluídas do certame.
- **PRAZO DE VOTACIÓNS:** dende o SÁBADO 25 de MAIO do 2024 ata as 11.00 horas do MARTES 28 de MAIO.
  - Non serán tidas en conta todas aquelas que se fagan despois do horario sinalado.
  - No caso de que haxa empates entre os votos e non haxa claramente unha fotografía gañadora, habilitarase un prazo extraordinario de votacións ata o ás 11.00 horas do MÉRCORES 29 de maio, só para aquelas fotografías máis votadas e con empate no número de votos nos tres primeiros postos. De persistir o empate, repetirase o proceso ata acadar o desempate.
- **RESOLUCIÓN DO CERTAME:** os resultados do certame, sempre que sexa posible e de non haber empates, daranse a coñecer o VENRES 31 DE MAIO.
- **ENTREGA DE PREMIOS:** sempre que a dispoñibilidade das persoas premiadas o faga posible, os premios serán entregados durante a fin de semana seguinte á resolución do Certame.

#### 5.- XURADO E PROCEDEMENTO PARA AS VOTACIÓNS E RESOLUCIÓN

- O xurado estará formado por **todas aquelas persoas que emitan os seus votos** dende o mesmo momento en que se compartan as imaxes **por unha das seguintes CANLES:**



➤ **PÁXINA DO FACEBOOK** do Concello de Laxe.

Para emitir os votos deberase outorgar un “me gusta” ou “me encanta” na fotografía elixida.

➤ **POR MENSAXE WHATSAPP enviado ó teléfono de NovasLaxe:** 657 771 006

Neste caso, para emitir os votos deberase enviar un mensaxe Whatsapp co seguinte texto: “VOTO A FAMILIA \_\_\_\_\_(apelidos desta)”.

A través desta canle, só será admitido un voto por persoa. En caso de que unha mesma persoa emita varios votos, só será tido en conta o primeiro deles recibido.

- O **persoal do concello** será o **encargado de recompilar e sumar todos os votos** emitidos polas dúas canles xa comentadas. O recuento realizarase ás 11.00 horas do/s día/s sinalados.
- **Resolverá o certame a alcaldía do Concello de Laxe en base ó informe de votación** emitido polo persoal técnico, permanecendo dita Resolución exposta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e web municipal.
- Naqueles supostos non previstos nestas bases, decidirá a equipa de goberno municipal sobre o seu procedemento e xestión.
- O resultado será comunicado ás persoas gañadoras así como nas redes sociais municipais e canles de comunicación habituais do Concello de Laxe.

## 6.- PUBLICIDADE

Unha vez aprobadas as presentes bases e a súa convocatoria por Resolución da alcaldía, publicarase o seu extracto no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña (BOP), a través do conduto habilitado para elo no portal web da Base Nacional de Datos de Subvencións.

Así mesmo, as bases serán obxecto de publicación no Taboleiro de anuncios electrónico dixital do Concello, na páxina web municipal e nas canles de redes sociais e WhatsApp municipal, estando dispoñibles tamén dispoñibles en formato impreso no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período habilitado de inscricións para a súa consulta.

## 7.- PREMIO

- De forma inicial, o premio consistirá na ENTREGA DUN DIPLOMA E DUN VALE que DARÁ DEREITO Á REALIZACIÓN DE COMPRAS NUN OU EN VARIOS COMERCIOS e/ou LOCAIS DA HOSTALARÍA DO CONCELLO LAXE.
- O premio, por importe máximo de 100,00€, outorgaranse a instancia da mesma persoa que solicitase a INSCRICIÓN DA FAMILIA GAÑADORA no Certame, con cargo á partida orzamentaria 2024.334.480.00 do orzamento municipal do exercicio 2024, prorrogado do exercicio do 2022, mediante procedemento de concorrencia competitiva.
- En todo caso, a DATA LÍMITE PARA TROCAR ESTE VALE será o 31 DE OUTUBRO DO 2024.
- A PERSOA PREMIADA, EN PRIMEIRA INSTANCIA, DEBERÁ ABOAR O CUSTO TOTAL DA/S COMPRA/S REALIZADAS polo importe equivalente ó premio outorgado polo Concello de Laxe, salvo que esta acorde cos locais comerciais ou hostaleiros o pagamento posterior, unha vez que o importe do premio sexa ingresado mediante transferencia bancaria na conta da persoa gañadora por parte do Concello de Laxe:
- Para facer efectivo o PAGAMENTO DO PREMIO, a persoa representante da familia gañadora, deberá presentar no Concello de Laxe ANTES DO 15 DE NOVEMBRO, a seguinte documentación:



- INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO que deberá de solicitarse nas oficinas xerais ou descargar da páxina web do Concello de Laxe, sinalando o número de conta bancaria no que o Concello de Laxe lle reembolsará o importe de dita/s factura/s e que, en ningún caso, superará o importe máximo outorgado do premio, segundo o modelo facilitado no ANEXO I.
- ORIXINAL OU COPIA COTEXADA DO SEU DNI.
- ORIXINAL DA/S FACTURA/S QUE LLE SERÁN EXPEDIDAS NOS COMERCIOS E/OU LOCAIS DA HOSTALARÍA DO CONCELLO DE LAXE en que decida inverter o importe do premio outorgado.
- CERTIFICADO DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA NA QUE SE REALIZARÁ O INGRESO.
- En todo caso, o importe a aboar polo Concello de Laxe, ascenderá como máximo ós 100,00€ outorgados mediante a Resolución da alcaldía coa que se conclúa o procedemento.
  - No caso de que a persoa gañadora presente unha factura por importe menor ó do importe do premio outorgado, o Concello de Laxe minorará o pago a realizar en concepto de premio ata o importe da/s facturas presentada/s.
  - No caso de que a persoa premiada presente unha factura por maior importe ó premio outorgado, en todo caso, e salvo causas de forza maior, o Concello de Laxe procederá a ingresar o importe do premio outorgado de 100,00€.
- O premio é de carácter nominativo e por tanto, ten carácter persoal e é intransferible a terceiras persoas.
- Os premios serán comunicados á Axencia Estatal Tributaria tal e como requira a lexislación vixente en cada momento.

#### **8.- DEREITOS DE AUTOR E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

- O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das imaxes remitidas ó certame sen que medie ánimo de lucro e sen que, en ningún caso, poidan ser obxecto de compravenda.
- En ningún caso, serán esixibles ó Concello dereitos de autor ou de imaxe por parte das persoas autoras ou por aquelas que aparezan nas imaxes.
- Cada persoa participante consinte que o Concello de Laxe faga públicos a través da súa páxina de Facebook e redes sociais municipais os concellos de residencia, os nomes e os apelidos das persoas premiadas. Así mesmo, consinte que estes mesmos datos e imaxes sexan remitidas ós medios de comunicación locais informativos e á empresa na que trocarán os vales.
- De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.
- Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

**7.- A PARTICIPACIÓN NESTE CERTAME SUPÓN A TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES** por parte de cada unha das persoas que aparezan nas imaxes remitidas a este Concello a efectos de participar no Certame, cuxos datos se farán constar na instancia de solicitude.



## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

No non previsto nestas bases, decidirá a Corporación Municipal de Laxe, sendo de aplicación en calquera caso a Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Real Decreto 887/2006 de Regulamento Xeral de Subvencións, Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime Local e o Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Laxe, na data da sinatura dixital

O alcalde,

Francisco Charlín Oróns



## ANEXO I. INSTANCIA PARA A SOLICITUDE DE PREMIO DO IV CERTAME FOTOGRÁFICO FAMILIAR TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA

DATOS DA FAMILIA GAÑADORA E DA PERSOA SOLICITANTE DO PREMIO:					
DENOMINACIÓN DA FAMILIA NA INSCRICIÓN:					
NOME:					
APELIDOS:					
DNI:					
NÚMERO DE TELÉFONO:					
CORREO ELECTRÓNICO:					
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS POSTAIS:	CP:		CONCELLO:		PROVINCIA:

### EXPOÑO:

- Que resultei premiada/o na 4ª edición do Certame fotográfico familiar tempos de lecer laxeiros en familia deste 2024.
- Que despois de ter disfrutado do premio outorgado polo Concello, achego FACTURAS emitida polos comercios do Concello de Laxe nos que realicei as compras por un importe de \_\_\_\_\_ €, así como DNI e CERTIFICADO DE TITULARIDADE BANCARIA onde recibirei o pagamento do premio outorgado polo Concello

### SOLICITO:

Que o Concello de Laxe proceda a realizar o pago polo importe total da/s factura/s entregada en concepto de PREMIO DESFRUTADO no NÚMERO IBAN DA CONTA BANCARIA que indico a continuación:

\_\_\_\_\_

### CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme ó establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e en cumprimento da normativa de protección de datos, en particular do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e del Consello, de 27 de abril de 2016, informámoslle de que os datos persoais proporcionados, son confidenciais e forman parte dos ficheiros titularidade do CONCELLO DE LAXE, coa finalidade de xestionar a iniciativa CERTAME FOTOGRÁFICO FAMILIAR TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA E/OU OUTRAS CAMPAÑAS E/OU INICIATIVAS que o concello considera que podan resultar do seu interese.

En calquera caso, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación do tratamento e oposición previstos na la normativa mediante escrito dirixido ó CONCELLO DE LAXE, situado na Av. Cesáreo Pondal núm.26, 15117- Laxe (A Coruña).

- Consinto no tratamento dos meus propios datos persoais contemplados no presente documento coas finalidades sinaladas neste.
  - SI DOU O MEU CONSENTIMENTO
  - NON DOU O MEU CONSENTIMENTO

En Laxe, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

Asdo.: \_\_\_\_\_